



Primeira circular

Chamada a comunicacións
XXVIII CILFR
Roma
(18-23 de xullo de 2016)

XXVIII Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románica

Société de Linguistique Romane
“Sapienza” Università di Roma, Facoltà di Lettere e Filosofia
Dipartimento di Studi Europei, americani e interculturali
Accademia Nazionale dei Lincei
Consiglio Nazionale delle Ricerche

Lingüística e Filoloxía Románica diante do canon

O XXVIII Congreso Internacional de lingüística e filoloxía románica realizarase na “Sapienza” Università di Roma e na Accademia Nazionale dei Lincei. Coas suas seccións, conferencias, mesas redondas e iniciativas científicas paralelas, o Congreso ten como obxectivo representar os modos de interconexión entre lingüística e filoloxía que se desenvolveron na investigación científica durante as últimas décadas, tamén en contacto con outros sectores (desde a historia literaria ata a socioloxía, a hermenéutica, a paleografía e a teoría da comunicación). O tema do Congreso, *Lingüística e filoloxía románica diante do canon*, onde canon se emprega no sentido de modelo de lectura e de metodoloxías na lóxica do coñecemento común e comunmente aceptado, aspira a fomentar, coa achega de varios coñecementos especializados, unha reflexión sobre un tema ineludible, que a globalización impón a todas as ciencias humanas e humanísticas: a relación entre especial/particular e universal, e entre lingua e cultura nunha área disciplinar, a lingüística e filoloxía románica que, aínda que naceu en Europa e en relación co nome da cidade de Roma, agora abraza, ao inicio do século XXI, todos os continentes, con temas e métodos, por veces, orixinais e inéditos.

COMITÉ DE PROGRAMA

Presidentes honorarios	Max PFISTER, Lorenzo RENZI, Francesco SABATINI, Giuseppe TAVANI
Presidente	David TROTTER, presidente da Soci��t�� de Linguistique Romane
Secretario Xeral	Roberto ANTONELLI, vice-presidente da Soci��t�� de Linguistique Romane
Secretarias adxuntas.....	Gioia PARADISI, Arianna PUNZI (“Sapienza” Universit�� di Roma)
Pola Soci��t�� de Linguistique Romane	Martin GLESSGEN, secretario xerente da Soci��t�� de Linguistique Romane; Fernando S��NCHES MIRET, vice-presidente da Soci��t�� de Linguistique Romane; Laura MINERVINI, Universit�� di Napoli “Federico II”; Rosario COLUCCIA, Universit�� di Lecce (representantes italianos dos conselleiros da Soci��t��)
Pola Facolt�� di Lettere e Filosofia da “Sapienza”.....	Luca SERIANNI (“Sapienza” Universit�� di Roma)
Polo Dipartimento di Studi europei, americani e interculturali	Paolo CANETTIERI (“Sapienza” Universit�� di Roma)
Pola Accademia Nazionale dei Lincei	Alberto VARVARO † (Membro Nacional da Accademia Nazionale dei Lincei)
Polo Consiglio Nazionale delle Ricerche	Riccardo POZZO (director do Dipartimento CNR di Scienze Umane e Sociali - Patrimonio Culturale)

COMIT   CIENT  FICO

O Comit   Cient  fica est   coordinado por David TROTTER, Roberto ANTONELLI e Martin GLESSGEN; est   composto polos membros do Comit   de programa mais os presidentes dos paneis.

COMIT   ORGANIZADOR

Presidentes..... Roberto ANTONELLI, Gioia PARADISI (coordinadora), Arianna PUNZI.

O Comité organizador preséntase na web.

PANEIS E PRESIDENTES DE PANEIS

Panel		Presidentes
1	Canons, xéneros textuais e linguas literarias	Johannes KABATEK (Zürich) Maria Luisa MENEGHETTI (Milano) Álvaro OCTAVIO DE TOLEDO Y HUERTA (München)
2	Lingüística xeral e lingüística románica	Fernando SÁNCHEZ MIRET (Salamanca) Wulf OESTERREICHER (München) Miriam VOGHERA (Salerno)
3	Latino e linguas románicas	Stefano ASPERTI (Roma) Thomas STÄDTLER (Heidelberg)
4	Fonética e fonoloxía	Lori REPETTI (New York) Rodney SAMPSON (Bristol) Giancarlo SCHIRRU (Cassino)
5	Morfoloxía e sintaxe	Brenda LACA (Paris) Anna CARDINALETTI (Venezia) Elisabeth STARK (Zürich) Marleen VAN PETHEGHEM (Lille)
6	Lexicoloxía, semántica, etimoloxía	Marcello APRILE (Lecce) Reina BASTARDAS I RUFAT (Barcelona) Martin GLESSGEN (Zürich) Gilles ROQUES (Nancy)
7	Dialectoloxía, sociolingüística e lingüística variacional	Jan LINDSCHOW (København) Paul VIDESOTT (Bolzano) Ugo VIGNUZZI (Roma)
8	<i>Romania</i> fóra de Europa	Cyril ASLANOV (Jerusalem) Gaëtane DOSTIE (Québec) Ettore FINAZZI AGRÒ (Roma)

9	Lingüística de corpora e filoloxía informática	Rocco DISTILO (Cosenza) Andres KRISTOL (Neuchâtel) Jean-Marie PIERREL (Nancy)
10	Ecdótica, crítica e análise do texto	Vicenç BELTRAN (Roma) Marie-Guy BOUTIER (Liège) Luciano ROSSI (Zürich)
11	Filoloxía europea - linguas e literaturas nacionais	Mercedes BREA (Santiago de Compostela) Furio BRUGNOLO (Padova) Gilles SIOUFFI (Paris)
12	Linguas e literaturas comparadas, de fronteira e dos migrantes	Emili CASANOVA (València) Antonio PIOLETTI (Catania)
13	Adquisición e aprendizaxe das linguas	Araceli GÓMEZ FERNÁNDEZ (Madrid, UNED) Elizaveta KHACHATURYAN (Oslo) Angela TARANTINO (Roma)
14	Tradución e tradutoloxía	Pietro BELTRAMI (Pisa) Carsten SINNER (Leipzig)
15	Antropoloxía, socioloxía e xénero diante da lingüística e da literatura	Corrado BOLOGNA (Roma) Henri-José DEULOFEU (Aix-Marseille) Jürgen TRABANT (Berlin)
16	Historia da lingüística e da filoloxía; lingüística, filoloxía e formación	Luciano FORMISANO (Bologna) Jacques FRANÇOIS (Caen)

Plenarias

Harald WEINRICH (Münster): «Romània, Europa, mondo»

Francisco RICO (Barcelona): «Cervantes e le origini del romanzo moderno»

Lino LEONARDI (OVI-CNR), Andrea MAZZUCCHI (Napoli), Justin STEINBERG (Chicago):

«Tra storia, lingua, testo e immagini: la *Commedia* oggi»

Paolo CANETTIERI (Roma), Riccardo POZZO (CNR), Pina TOTARO (ILIESI-CNR):

«Lessico intellettuale ed affettivo dell'Europa»

Mesas redondas

«Plurilinguismo e identità», Laura MINERVINI (Napoli) (coord.)

«Roma nella storia linguistica e letteraria», Pietro TRIFONE (Roma) (coord.)

Propostas de comunicacións

Para facilitar a presentación de propostas de comunicación, na web Internet do congreso estará dispoñible para cada panel unha listaxe de posibles palabras clave..

As comunicacións poderán ser enviadas ao Comité Científico, utilizando o formulario que se atopa na páxina web do congreso (<www.CILFR2016Roma.it>). Pídese:

- un resumo de dúas páxinas (sen notas)
- un parágrafo final do resumo que explique (i) como a proposta de comunicación se vai integrar co panel escollido e (ii) cal será a achega de novos contidos no traballo
- unha bibliografía de máximo unha páxina.

Tamén será posible propoñer ao Comité Científico uns carteis, como xa se fixo con éxito no Congreso de Nancy (2013). Os carteis poden acabar sendo unha publicación adicional exactamente como as comunicacións orais.

Todas as propostas de comunicacións e os carteis serán examinados polos presidentes do panel escollido. Todas as linguas románicas son linguas oficiais do congreso.

O Comité de programa invita desde logo os participantes a enmarcar as súas propostas de comunicación nunha perspectiva románica, mesmo utilizando as linguas románicas como unha perspectiva na que un fenómeno relativo a unha lingua poida ser entendido dun xeito máis axeitado.

Para fomentar o diálogo e a discusión, os textos completos das comunicacións aceptadas polo Comité Científico poden ser enviados antes xa do Congreso aos organizadores. Serán, entón, publicados en liña e proporcionados, protexidos por unha contrasinal, aos membros do Congreso, antes do mes de xuño, o que, obviamente, aumenta a súa visibilidade e divulgación. Os autores que escollan esta opción, deberían enviar os seus textos antes do 15 de maio de 2016.

Calendario

01/01/2015 A partir desta data, será posible propoñer comunicacións utilizando o formulario en liña (<www.CILFR2016Roma.it>)

01/01/2015 Apertura de prazo para inscrición

31/08/2015 Prazo de presentación de propostas de comunicación

06/01/2016 Notificación das comunicacións aceptadas polo Comité Científico

31/01/2016 Prazo para pagamento da matrícula de inscrición con desconto

31/01/2016 Prazo para pagamento da matrícula dos asistentes con comunicación

15/05/2016 Prazo para a presentación dos textos completos das comunicacións que se queiren poñer en liña

18/07/2016 Prazo para pagamento da matrícula dos asistentes que participan sen comunicación

Contactos

Sitio web do Congreso: (<www.CILFR2016Roma.it>)

Enderezo de correo electrónico do congreso: <CILFR2016Roma@gmail.com>

Enderezo de correo postal: XXVIII Congresso Internazionale di Linguistica e Filologia Romanza

Dipartimento di Studi Europei, Americani e Interculturali
“Sapienza” Università di Roma
piazzale A. Moro, 5
00185 Roma